

FINANCIACIÓN DE ACCIÓNS DE COOPERACIÓN: CONVOCATORIA 2019 PROXECTOS PILOTO DENTRO DO PROGAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020

Obxecto de financiación: Accións de cooperación para a implantación de proxectos piloto, desenvolvemento de produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agroalimentario, agrícola e forestal.

As iniciativas de innovación traduciranse na implantación de proxectos piloto ou no desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícolas, alimentario e forestal e agroalimentario.

Participantes

Obrigatoriamente o **Beneficiario/solicitante** ten que ser unha organización/entidade relacionada coa produción primaria en agricultura e/ou silvicultura ou unha empresa ou industria transformadora do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal. Unha mesma entidade non poderá ser beneficiaria de máis de dúas axudas nesta convocatoria.

Mínimo 2 entidades participantes: Beneficiario e un axente cooperante (Centros públicos de investigación, universidades, etc.). O axente cooperante participa en calidade de subcontratación.

Balance do orzamento:

- Intensidade da axuda: **80% dos gastos subvencionables**. 20% restante debe ser cuberto con fondos propios da entidade solicitante.
- **Participación** organismos de públicos ou privados de investigación: **mínimo 10%** do orzamento total presentado.

Características do proxecto:

- **Orzamento máximo subvencionable: 100.000 euros**. Non se admiten proxecto cun custe real superior a 150.000 euros
- **Duración: inicio sempre no 2019** e deberá durar como mínimo 2 anualidades e como máximo 3 (ata o 2021)
- Gasto por anualidade (proxectos 3 anos) -> 1º anualidade: máximo 10%; 2º anualidade: máximo 60%; 3º anualidade: o restante
- Gasto por anualidade (proxecto 2 anos) -> 1º anualidade: máximo 15%; 2º anualidade: restante.

Xustificación para a Universidade: Preséntase unha factura, **pero con posibilidade de auditoría** para comprobar a correcta execución do gasto.

Gastos subvencionables para a entidade beneficiaria (e os mesmos conceptos e límites para o axente cooperante):

Custos directos:

- **Custos de persoal: só persoal técnico** co seguinte custe por categoría laboral (**1750 horas a xornada completa**):
 - Titulado superior: 32.000 euros anuais
 - Titulado medio: 27.000 euros anuais
 - Técnico FP de grao superior: 22.000 euros anuais
 - Categorias laborais distintas: 18.000 euros anuais

- **Custos de execución:**
 - Material inventariable: Adquisición de equipos e equipamento (estritamente necesarios para a realización da actuación e durante o período en que se dediquen o proxecto, se o material inventariable se vai poder usar despois de rematar o proxecto, só se considerará subvencionable os custos de amortización) e fondos bibliográficos relacionados.
 - Adecuación ou mellora de infraestruturas e equipamentos.
 - Servizos tecnolóxicos externos
 - Material funxible
 - Viaxes e axudas de custo relacionadas co proxecto.
 - Gastos da organización de xornadas ou edición de material de difusión.
 - Alugamento de equipos, instalacións ou predios para a realización das actuacións.
 - Gastos de divulgación, transferencia e protección de resultados.

Custes indirectos: **15% do custe de persoal imputado**

Minimis: As axudas a proxectos relativos a operacións non reguladas polo artigo 36 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, é dicir, aquelas nas cales o produto final non estea incluído no anexo I do Tratado concederanse ao abeiro do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1). Neste caso, o importe total das axudas de minimis que poderán recibir as entidades solicitantes non superará o importe de 200.000 € nun período de tres anos. Para comprobar o cumprimento deste requisito, os solicitantes incluídos neste suposto deberán presentar unha declaración sobre as axudas de minimis percibidas nos tres últimos anos fiscais no momento de presentar a solicitude e cando se solicite o pagamento da axuda.

Documentación a presentar polos organismos de investigación:

- **Anexo III: Relación do persoal participante no proxecto -> Obrigatorio**

- **Anexo IV: Currículum vitae do persoal do centro tecnolóxico/centro de investigación público -> Opcional, pódese presentar tras a concesión.**

- **Anexo VI: Memoria científico-técnica.** O orzamento da Universidade incluírase neste Anexo -> **Obrigatorio (presentado pola entidade solicitante)**

- **Carta de intencións ou Convenio/Contrato -> Obrigatorio**

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 7 de febreiro e **rematará o 6 de marzo de 2019.**

APOIO DENDE A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Dende a Vicerreitoría de Investigación e Innovación ofrécese apoio a aqueles investigadores que desexen participar, incluíndo:

- Asesoramento completo en todas as fases da solicitude
- Apoio na preparación de presupostos e na negociación do Convenio (a USC dispón dun modelo de Convenio, de carta de intencións e dun modelo para elaborar o orzamento)

Para máis información dirixirse:

Campus Santiago: Laura Martínez (Ext. 16238) (investigacion.colaborativa@usc.es)

Campus Lugo: Ramón Mazoy (Ext. 22850) e M^a Dolores Vega (Ext. 22852) (investigacion.colaborativa@usc.es).